

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 * 2025
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

Fauna

CATEGORÍAS RELACIONADAS

A corza branca

Ilustración de X. Manuel Segade Rivas

No castelo da Ponte de Doiras, parroquia de Vilarello, concello de Cervantes (Lugo), vivían uns señores que tiñan dous fillos, irmán e irmá. Un día a irmá marchou ó monte. Xa era noite e a rapaza non volvera.

Os pais, preocupados, ordenaron de facer unha batida para ver de atopala pero, por máis que a buscaron non lograron dar con ela.

Todos abandonaran a búsqueda pero o irmán seguía intentándoo. Un día no monte viu unha cerva branca e matouna. El non podía levala só para a casa e cortoulle unha das patas dianteiras.

Cando chegou ó castelo e foi sacar a pata do saco viu, amargamente, que se trataba da man da súa irmá.

Recoñeceuna por un anel que tiña no dedo. Marchou ó monte e a cerva convertérase no corpo da doncela.

[Texto remitido por José María Carricoba Armesto, Lugo]



BIBLIOGRAFÍA

FONTE:

Esta lenda foi recollida a principios da década de mil novecentos noventa a Inés Rodríguez da Casa Naipes de Donís, Cervantes (Lugo).

BBLIOGRAFÍA:

CARRÉ ALVARELLOS, Leandro, Las leyendas tradicionales gallegas, Espasa-Calpe, Madrid, 1983. GONZÁLEZ REBOREDO, X. M.

Lendas galegas de tradición oral, Vigo, Galaxia, 1983, (Biblioteca básica da cultura galega, 17).

VAQUEIRO, Vitor, Guía da Galiza máxica, Galaxia, Vigo, 1998.

COMENTARIOS ENVIADOS

Preciosa lenda, parece feita por alguén que amara moito ós animais, e buscase protexelos do modo máis axeitado nunha terra tan dada ás cousas máxicas

Enviado por Susana Pazo o 22/02/2010 ás 22:48:40